

DESING THINKING: Pensamento de deseño para a innovación empresarial

Descrición

Esta master class ofrece unha introdución intensiva e práctica ao Design Thinking como un enfoque centrado nas persoas que impulsa a innovación en calquera tipo de organización. A través dunha combinación de conceptos esenciais e exemplos reais, os participantes comprenden como funciona esta metodoloxía, cales son os seus principios crave e por que é unha ferramenta eficaz para resolver retos complexos de forma creativa e colaborativa.

Durante a sesión experimentáanse as principais fases do proceso: definición do desafío, investigación empática, síntese de información, xeración de ideas, prototipación rápida e validación. Cada bloque incorpora dinámicas breves que permiten aplicar os contidos de maneira inmediata e mostrando como transformar información dispersa en solucións tanxibles e orientadas ao usuario.

O interese desta master class reside no seu enfoque vivencial, deseñado para que os asistentes non só aprendan a teoría, senón que experimenten como o Design Thinking impulsa a creatividade, mellora a toma de decisións e favorece a innovación dentro de equipos e proxectos reais. Ao finalizar, os participantes adquiren unha visión clara e aplicable do proceso, así como ferramentas prácticas que poden trasladar de inmediato á súa contorna profesional.

Perfil do docente

A relatora da xornada será **ANGELINA PRADO SOLANO**,

Angelina é consultora SAP HCM & FI & Desing Thinking con máis de 15 anos de experiencia en docencia e xestión estratéxica de proxectos. Especialista en RRHH, emprendemento e Management, deseño de proxectos de impacto social e docencia universitaria en Innovación Tecnolóxica e Xestión das Organizacións. Liderou equipos multidisciplinares desenvolvendo funcións de HR Business Partner alienando a estratexia de negocio, os obxectivos de equipos técnicos e a cultura corporativa, xestionando todo o ciclo de proxectos financiados a nivel nacional e europeo con orientación a resultados e liderado colaborativo.

Ademais é Licenciada en Dereito e doutoranda e investigadora en Economía Financeira, apaixonada por traballar en contornas de innovación, implementando metodoloxías agile e o desenvolvemento do talento.



PROGRAMA	Programación 2026/27
TIPO	SEMINARIO
PERIODO INSCRICIÓN	01/10/2026 - 10/12/2026
Nº PRAZAS	232
METODOLOXÍA	Virtual
DURACIÓN	4 horas
DATA INICIO	11/12/2026
DATA FIN	11/12/2026
HORARIO	Horario de 16:30 a 20:30 horas.
LUGAR DE DOCENCIA	Edificio localizado na r/Airas Nunes s/n, barrio de Conxo, en
PERIODO DOCENCIA	11/12/2026 - 11/12/2026

Temario

MÓDULO 1. Introducción e fundamentos do Design Thinking

Obxectivo: Aliñar conceptos clave e activar a mentalidade adecuada.

Contidos:

- Definición de Design Thinking
- Historia e evolución
- Principios fundamentais: empatía, iteración, experimentación, foco nas persoas
- O Design Thinking como proceso

- Actividade práctica breve
“Deseña unha cadeira” / “Design something comfortable to sit on”

Debrief: importancia do enfoque centrado no usuario.

MÓDULO 2. Fase de Descubrimento: Alcance e Investigación

Obxectivo: Comprender como definir o desafío e como recompilar insights.

Contidos:

2.1 Definición do desafío

- Como formular un Design Challenge
- Técnicas de redefinición e reencuadre

2.2 Investigación e empatía

- Investigación 360°
- Entrevistas para empatizar

Actividade práctica:

- Brain dump silencioso + clusterización rápida sobre un reto proposto (Figuras 63-65).
- Entrevista lóstrego para practicar empatía.

MÓDULO 3. Síntese: dar sentido á información

Obxectivo: Transformar datos en insights claros.

Contidos:

- Construción dun “muro de datos”
- Técnicas de sínteses: narración de entrevistas
- Creación de persoas
- Journey map básico

Actividade práctica:

- Construción acelerada dunha Persoa e un Journey curto usando información da entrevista simulada.

MÓDULO 4. Ideación: xerar e priorizar ideas

Obxectivo: Abrir a creatividade e producir ideas útiles.

Contidos:

- Principios de brainstorming
- Superar a fixación creativa
- Técnicas de ideación: mapa de percorrido, “Blue Ocean REICC”, visión futura
- Prácticas de priorización

Actividade práctica:

- Idea Sprint: 5 minutos en cantidade + 5 en calidade + 5 en priorización e selección

MÓDULO 5. Prototipación e validación

Obxectivo: Aprender a construír rapidamente prototipos e testearlos.

Contidos:

5.1 Prototipación

- Low-Fi vs Hi-Fi
- Principio “fail early, fail often”
- Storyboards, role-play, wireframes sinxelos.

5.2 Validación

- Como obter feedback útil
- Iteración rápida.

Actividade práctica:

- Prototipo Low-Fi con papel (storyboard ou role-play) + test rápido.

MÓDULO 6. Aplicación práctica do Design Thinking

Obxectivo: Conectar a teoría con proxectos reais.

Contidos:

- Como se integra en proxectos e organizacións
- Rol do facilitador e preparación de talleres
- Exemplos reais de aplicación e impacto empresarial.

Actividade final:

- Dinámica “Gústame / Desexo”

PECHE

- Resumo de aprendizaxes crave.
- Rolda final rápida de preguntas.
- Recomendacións para seguir practicando o método.